

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD (GERENCIA DE GESTIÓN INTEGRADA DE OURENSE, VERÍN Y EL BARCO DE VALDEORRAS) Y LA FUNDACIÓN ABRACADABRA DE MAGOS SOLIDARIOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde te previsto formalizar o Convenio de Colaboración entre o Servizo Galego de Saúde (Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras) e a Fundación Abracadabra de Magos Solidarios con vixencia dun ano, a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as condicións nas que terá lugar a colaboración entre a Fundación e o Servizo Galego de Saúde para a realización dunha acción voluntaria no Complexo Hospitalario de Ourense, a través do programa de voluntariado “Magia en los Hospitales”

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Tanto a Fundación como o Servizo de Saúde son sensibles ás actividades que poidan redundar nunha maior cohesión social e ambas partes recoñecen a importancia do voluntariado como mecanismo que canaliza as lexítimas inquietudes das persoas e das organizacións sen afán de lucro, no desenvolvemento de actividades altruístas e para a consecución dunha sociedade mellor e máis solidaria. Por eso, cada vez é máis necesario promover e coordinar o voluntariado dende postulados flexibles que permitan unhas regras básicas para o desenvolvemento da súa acción en campos como o da saúde.

Neste senso, o Convenio regulará as relacións que, en relación ao desenvolvemento de accións de maxia e talleres de maxia para os/as nenos/as hospitalizados/as e os seu familiares, se poidan establecer entre as persoas voluntarias, as entidades de accións voluntaria, as persoas destinatarias da acción voluntaria e a administración pública de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente do Servizo Galego de Saúde

